



CIRCULAR 19-2025.

CONTROL FGA PC- 26/1/2025 (Xornada de mañá). *Actualizada*

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 26 de xaneiro de 2025 en Expourense (Ourense).

Art.2) Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo, dende a categoría Sub 10.

- En caso de necesidade, realizarase sorteo entre os atletas sen marca.
- Nos concursos e nas carreiras, terán reservado un 50% de prazas aqueles atletas sen marca nas tempadas 2024 e 2025.(de ser aceptados nunha proba non terán preferencia na segunda proba, debendo indicar no campo "observaciones" en que proba desexan participar primeiro (1,2,...)

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina (<https://atletismorfea.es/user/login-registro>) ata as 20:00 horas do luns 20 de xaneiro.

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025.No caso de superar o límite de prazas terán preferencia os atletas con mellores marcas.

Art.4) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5) Na proba de lonxitude os atletas terán 4 intentos.

As cadencias darán comenzo en 0,95 subindo de 4 en 4 , sen opción a eleixir altura po lo gañador. Non haberá desempate polo primeiro posto.

Art.6) Cámara de chamadas

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SÁIDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras	5'
Lonxitude e altura	20

Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.



Art.7) Horario: (poderase modificar en función do horario final do campionato de combinadas)

HORARIO CONTROL 26/1/2025- XORNADA DE MAÑÁ				
HORA	CARREIRAS	CAT/MODALIDADE	Altura	Lonxitude
10:00			H-M B	Mulleres
10:40	3000	Homes		
11:05	3000	Mulleres		Mulleres
11:35	60	Homes		
12:00			H-M A	Mulleres
12:25	60	Mulleres		
13:00	50	Sub 10 Homes		
13:05	50	Sub 10 Mulleres		Mulleres
13:25	60	Finais Homes A-B-C		
13:40	60	Finais Mulleres A-B-C		

Art.8) A responsabilidade das inscricións dos atletas corresponderá ao seu club, salvo que sexan independentes. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Nas 48 horas previas e na propia competición, calquera baixa ou a non participación final terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA servizos@atletismo.gal ata 48 horas despois do comenzo da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Inscricións fora de prazo: 6 euros de recargo. A súa aceptación será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada. servizos@atletismo.gal

Art.9) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 13 de xaneiro 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo